

## PREGUNTAS

- ¿Qué pensa Vostede facer ca subvención que acabamos de perder de 60.719,22 euros de Agader para a reforma do edificio da Fundación Comarcal e convertelo en Centro de Recepción de Peregrinos? ¿Ten dotada a partida orzamentaria para devolver os 30.359,61 euros xa cobrados mediante o anticipo da axuda? ¿Con que cartos pensa rematar o proxecto?.
- ¿Vostede considera que é un Alcalde preocupado polo Medio Ambiente cando non facemos mais que pagar multas por verquidos irregulares e contaminantes os nosos rios, neste caso cunha multa de 5.000,00 euros por superar oitos veces os límites de verquido na depuradora de Fieitoso o rego de Aresteiras, por certo, o saneamento de Fieitoso e unha obra recentemente ampliada? E xa non falemos doutra multa de 600,00 euros da Consellería de Economía, Emprego e Industria por contaminar de fecais a fonte pública da Burga.
- ¿Pensa Vostede seguir tirando os cartos públicos de todos os veciños de Caldas de Reis en pleitos perdidos contra un dos noso Balnearios logo de perder absolutamente todos os pleitos e en todas as instancias? Acaba de chegar una sentenza do Tribunal Supremo onde voltan a desestimar a súa demanda e outra do TSXG contra a Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre a inscrición do dereiro de aproveitamento de caudal da Burga.
- ¿Pensa Vostedes que e unha utilización racional dos recursos de todos os caldenses gastar 121.280,45 euros mais nun novo proxecto para as cha-pozas da Tafona logo do que xa leva “enterrado” literalmente no que denominaba o seu proxecto estrela? ¿Concretamente neste proxecto a partida de obra mais importante e levar o gas os vestiarios e a reparación dos enormes desperfectos que sufren as instalacións e as obras mal executadas dun proxecto que nunca estivo funcionando nin un só día?

## ROGOS

- Que se proceda a urxente limpeza da masa forestal dos márxenes da pista da Grela así como a limpeza e reposición das cunetas, fundamentais para a recollida da auga os días de choiva.
- Que tendo en conta a situación de crise sanitaria pola que estamos a atravesar a hixiene e limpeza das rúas e fundamental, por elo reclamamos no seu día verbalmente, e agora o facemos por escrito a limpeza en profundidade da pedra da rúa do Embudiño, que se atopa nunhas condicións absolutamente lamentables.
- Estamos tendo enormes problemas de alumeado público en case todos os lugares do noso Concello, as luces funcionan de día e non de noite, etc., o último lugar que está nesa situación de forma reiterada e a Aboi, na parroquia de San Andrés, pregolle que envíe a reparar urxentemente, e de paso que comprobe a lamentable situación da fonte, da mina de auga que cisca por toda a pista por estar chea de maleza e as beirarrúas dos camiños, chegando os veciños a verse obrigados a limpar para evitar accidentes.
- Que se dean as instrucións oportunas para que a maquinaria municipal repare os tremendos socávoos que existen no firme do Camiño Portugués, especialmente no tramo de Arcos da Condesa,



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

chegando o extremo de que os veciños teñen gravísimas dificultades para acceder a súa vivenda, e ademais ese acceso é o primeiro que ven os peregrinos do noso Pobo e damos unha imaxe lamentable.

- Que se atendan as lexítimas esixencias dos veciños da parroquia de San Andrés de Cesar e que lle foron trasladadas por escrito por medio da Asociación de Veciños de Reiris “Pino Manso” recentemente.

- Que se proceda a limpeza dun punto de verquido de lixo irregular, e a reubicar os contenedores do lixo dese lugar, posto que algunha xente debe considerar que como están nun lugar deshabitado se pode deixar o lixo e restos de obra sen preocupacións. (adxúntase foto)



2



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620